Muíños de Bermés

Os muíños, xunto coas eiras, fornos e lagares, son construcións de transformación do cereal propias da economía tradicional do rural de Galicia. A construción destes enxeños responde a unha economía de autoconsumo protagonizada por pequenas unidades de produción –as familias de labradores– que se dotaban do conxunto de bens arquitectónicos necesarios para producir, elaborar e conservar os seus alimentos. O máis esencial de todos era o pan. Para producilo, os labregos ocupábanse de todo o proceso: mallar o cereal na eira para separar o gran, moelo no muíño para obter a fariña e, por último, cocer a masa no forno.

O hórreo, unha construción dedicada ao almacenamento do gran, xogaba tamén un papel relevante no ciclo do pan.

Partes dun muíño



Debuxos dos muíños: María Teresa Gómez Morgade (arquitecta)

Os muíños de Bermés dispuñan dun caudal de auga escaso, por iso moían unicamente durante o inverno e a primavera, iso é, entre catro e seis meses ao ano.

Durante o século XVIII eran propiedade dunha única persoa, o promotor da súa construción. Os veciños que querían moer neles debían pagar ao seu propietario unha parte da fariña que obtiñan; é o que se coñece como a maquía.

Co paso do tempo, os muíños acabaron tendo un réxime de multipropiedade, o que denominamos muíños de herdeiros, isto é, de varios veciños que teñen a obriga de contribuír á súa conservación e o dereito de moer un número determinado de horas ou días en función da súa contribución.

Descarga este folleto

Download this brochure

Localización do patrimonio natural e cultural da parroquia

Location of natural and cultural resources of Bermés

PROXECTO PROMOVIDO E COFINANCIADO POLA COMUNIDADE DE MONTES

Portugal 2020 · Norte · Xunta de Galicia · Xacobeo 21·22 · galicia

FEADER Europa inviste no rural

Gobierno de España · Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

Comunidade de Montes de Bermés •Teléfono: 681 623 472 •Email: cmbrrlorcc@gmail.com

OS MUÍÑOS DE BERMÉS

Bermés é unha das 52 parroquias do concello de Lalín, a capital da comarca do Deza. Formada por 11 lugares, dista 7,5 km da vila lalinense, e aparece vivificada por dous cursos de auga: o rego dos Muíños e o de Lamas.

Durante a Idade Moderna (s. XV-XVIII), á beira destes regatos construíronse varios muíños para moer cereais (trigo, millo e centeo). Na actualidade Bermés conserva un total de 7 exemplares, dos que 4, situados no regato de Lamas, acaban de ser restaurados.







Un muíño do mosteiro de Aciveiro

Durante catro séculos, Bermés foi couto redondo do Mosteiro de Sta María de Aciveiro (s. XII-XIX). Isto quere dicir que, ao longo da Idade Moderna, a totalidade da nosa parroquia pertenceu ao señorío desta casa abacial da Terra de Montes, o que lle permitiu ser titular de numerosos bens, entre eles, o muíño de Riádigos ou de Campo, do que temos noticia desde finais do s. XVI:

"Año de 1580 se hizo foro a Pedro de Campo y su mujer y dos voces del molino de Riádigos por renta de media hanega de centeno puesto en Bermes. Nómbranse las voces con una gallina. Décima. Libro 1, fol. 287.

Año de 1639 se nombró 1ª voz Bastian del Campo hijo de (...) está inserta en la nombracion que hizo del lugar de Campo y de la (?) del de Bermes Quemado, y hace mención deste molino (...) del Monasterio. Libro 11 de foros, fol. 27 y 28. Ante Gregorio Gil. Año de 54 (?) se nombró Juan de Campo en 3ª ante Gregorio G. Foral 11 fol. 366.

Hizo foro de este molino año de 1715 a Andrés de Madriñan y a Pedro de Montouto y consortes por renta de 4 ferrados de centeno puestos en la tulla, por vida de tres reyes primera Felipe V. Pasó ante Simón de Rozados. Foral 15, folio 82. (Vide fol. 419, T.G.)"

Os muíños en 1752

O Catastro do Marqués de la Ensenada é un completo documento elaborado polo ministro de Facenda do rei Fernando IV que pretendeu coñecer e rexistrar os bens, rendas e cargas dos que eran titulares os veciños de todos os lugares e parroquias do Reino de Galicia e da Coroa de España. A tal fin nomeáronse unha serie de peritos que debían informar a El Rey de, entre outros, os muíños que había daquela na parroquia de Bermés. Isto foi o que manifestaron:

"dyjeron que en esta feligresía ay treze molinos arineros de una Rueda. otro al sitio de lamela propio de Francisco Tavoada muele diez meses al año y se regula en treinta reales de vellón: otro de Lorenzo Laxosa muele seis meses y se regula en treinta y quatro Rs. Otro al sitio de ramalliño propio de Andrés Galego muele seis meses y se regula su alquiler de su producto en veinte y quatro reales. Otro al sitio da chousa propio de Alonso Charesmuele quatro meses y se regula su producto en diez y seis Reales, otro al sitio de Riadegos propio de Bernardo Gutierrez, muele quatro meses y se regula en otros diez e seis reales, otro al sitio da chousa propio de Juan Chares, muele otros quatro meses y se regula en otros diez y seis reales de vellón..."

O Muíño da Lamela

Situado nas proximidades do núcleo do mesmo nome, daba servizo á veciñanza dese lugar próximo. Este muíño, dunha única roda ou moa, pertence á **tipoloxía de canle**, un sistema no que a auga procedente da levada vai directamente á canle, que é a peza que caracteriza o muíño. **Esta ten forma troncopiramidal inclinada, e vaise estreitando consonte vai chegando ao rodicio para que a auga aumente a súa velocidade antes de bater sobre el.**



O Muíño de Sánchez

Situado á beira do Nabal de Sánchez, posúe unha soa moa, xa que só pode administrar un pequeno caudal de auga. Ao igual que o Muíño de Campo, destaca pola utilización de grandes pezas de cantaría nos ángulos da edificación, así como na porta de acceso e na parte oblicua da canle. Outra das características deste muíño é a construción dunha quenlla ou cal en pedra que desvía a auga sobrante da canle do muíño de forma soterrada por diante do seu alzado penal.



O Muíño de Castro

Localízase na paraxe da Chousa, próximo ao lugar de Orxás, polo que posiblemente se trate dun dos muíños que, no século XVIII, eran propiedade de Juan ou Alonso Chares. Ambos muíños moían durante catro dos doce meses do ano, polo que dispuñan de moi pouco caudal de auga. Este muíño pertence tamén á **tipoloxía de canle**. Con todo, a canle oblicua do muíño está conformada por grandes pezas monolíticas de sección cilíndrica que, no pasado, pertenceron ao Muíño de Campo.





O Muíño de Campo

Segundo Armando Vázquez (2017), o seu nome débese a que sempre estivo aforado a veciños dese lugar, malia estar próximo a Riádigos. O muíño destaca pola súa arquitectura, sen igual en toda a parroquia pola calidade da súa cantaría, así como pola súa **tipoloxía de cubo**, propia dos muíños que aproveitan un pequeno caudal de auga. Os muíños de cubo son característicos por dispoñer **un grande depósito de auga que se levanta na contrafachada do edificio, e que permite a súa utilización segundo conveña.**